INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

Cifras poboacionais de referencia

Resumo de resultados 24/01/2025

Índice

Introdución 1

Información para Galicia, provincias e comarcas 2

Información para os sete grandes concellos de Galicia 7

Introdución

A estatística *Censo de población*, realizada polo Instituto Nacional de Estadística (INE), proporciona os datos de poboación residente en España, en cada comunidade autónoma, provincia, illa (nas provincias insulares), concello e sección censual, desagregada segundo características demográficas básicas, coma o sexo e a idade, con carácter anual desde o 1 de xaneiro de 2021. Estes datos son empregados como cifras poboacionais de referencia en todas as operacións estatísticas do INE (enquisas, Contabilidade Nacional, indicadores, etc.) e son transmitidas a nivel internacional como datos oficiais de poboación de España a todos os efectos. Outra estatística do INE, a *Estadística continua de población*, estima a poboación de cada ámbito territorial ao comezo de cada trimestre ata o nivel provincial, pero non proporciona datos a nivel municipal.

O cálculo de determinados indicadores precisa das cifras de poboación na metade do período considerado; no caso de indicadores anuais, é necesaria a poboación no 1 de xullo. Para poder obter eses indicadores para os concellos galegos, o IGE elabora na estatística Cifras poboacionais de referencia a desagregación territorial (ata o nivel municipal) da *Estadística continua de población* no 1 de xullo de cada ano, a partir da cifra estatística de poboación e das estatísticas do *Movemento Natural da Poboación*. Por outra parte, para poder completar a serie anual difunde como cifras poboacionais no 1 de xaneiro de cada ano as proporcionadas polos censos anuais de poboación.

Esta edición das *Cifras poboacionais de referencia* inclúe a actualización dos resultados de 1 de xullo de 2023 (difundidos na edición anterior con carácter provisional e que pasan a ser definitivos), a poboación no 1 de xaneiro de 2024 e os resultados provisionais obtidos para o 1 de xullo de 2024.

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

Información para Galicia, provincias e comarcas

Galicia rexistrou no 1 de xaneiro de 2024 unha cifra de poboación de 2.705.833 habitantes, o que supón un aumento de 6.409 persoas con respecto ao ano anterior, cifrada en 2.699.424 habitantes. Por provincias, A Coruña e Pontevedra concentran o 76,7% da poboación galega.

Poboación de Galicia e provincias segundo o sexo. 1 de xaneiro de 2024

Unidade: persoas

Espazo	Total	Homes	Mulleres
Galicia	2.705.833	1.301.744	1.404.089
- A Coruña	1.128.449	540.524	587.925
- Lugo	325.048	157.715	167.333
- Ourense	304.467	146.181	158.286
- Pontevedra	947.869	457.324	490.545

Fonte: INE. Censo anual de población (descarga da táboa)

No 1 de xullo de 2024 a poboación de Galicia cifrouse (de xeito provisional) en 2.706.643 habitantes, polo que con respecto ao 1 de xaneiro de 2024 aumentou en 810 persoas.

Poboación de Galicia e provincias segundo o sexo. 1 de xullo de 2024

Unidade: persoas

Espazo	Total	Homes	Mulleres
Galicia	2.706.643	1.302.399	1.404.244
- A Coruña	1.130.221	541.498	588.723
- Lugo	324.534	157.402	167.132
- Ourense	304.086	145.988	158.098
- Pontevedra	947.802	457.511	490.291


Fonte: INE. Estadística continua de población (descarga da táboa)

Nota: datos provisionais.

A pirámide de poboación galega no 1 de xullo de 2024 continúa a ter, como nos últimos anos, unha base cada vez máis estreita e acumulación de efectivos na parte superior da mesma.

Pirámide de poboación de Galicia. 1 de xullo de 2024

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: INE. Estadística continua de población (descarga da táboa)

Nota: datos provisionais

Segundo as *Cifras poboacionais de referencia*, 18 das 53 comarcas galegas gañaron poboación durante o primeiro semestre do ano 2024

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

Poboación das comarcas galegas que gañaron poboación durante o primeiro semestre do ano 2024


Unidade: persoas, tanto por cento (%)

Espazo	1 de xaneiro de 2024	1 de xullo de 2024	Var.abs.	Taxa de var. (%)
Bergantiños	66.518	66.712	194	0,29
Betanzos	39.417	39.800	383	0,97
A Coruña	413.920	415.225	1.305	0,32
Ferrol	150.850	151.726	876	0,58
Ordes	36.322	36.379	57	0,16
Santiago	172.501	173.183	682	0,40
Lugo	119.546	119.712	166	0,14
A Mariña Central	28.718	28.722	4	0,01
A Mariña Oriental	16.199	16.304	105	0,65
Meira	4.964	4.965	1	0,02
Allariz-Maceda	14.158	14.196	38	0,27
Ourense	144.504	144.548	44	0,03
Terra de Celanova	16.949	16.964	15	0,09
Viana	5.451	5.467	16	0,29
O Condado	42.506	42.629	123	0,29
Deza	39.696	39.762	66	0,17
Pontevedra	125.589	125.915	326	0,26
Vigo	427.883	428.251	368	0,09

Fonte: IGE. Cifras poboacionais de referencia (descarga da táboa)

Nota: os datos de xullo e as variacións no primeiro semestre do ano son provisionais.

Incremento porcentual das comarcas galegas que gañaron poboación durante o primeiro semestre do ano 2024 *Unidade: tanto por cento (%)*




Fonte: IGE. Cifras poboacionais de referencia (descarga da táboa)

Nota: datos provisionais.

Evolución da poboación das comarcas de Galicia no primeiro semestre do ano 2024

Unidade: taxa de variación interanual (%)



Fonte: IGE. Cifras poboacionais de referencia (descarga da táboa)

Nota: datos provisionais.

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

Información para os sete grandes concellos de Galicia

Os sete grandes concellos galegos incrementaron a súa poboación durante o primeiro semestre do ano 2024.

Poboación dos sete concellos de Galicia con máis de 50.000 habitantes. 1 de xaneiro e 1 de xullo de 2024

Unidade: persoas, tanto por cento (%)


Espazo	1 de xaneiro de 2024	1 de xullo de 2024	Var. abs.	Taxa var. (%)
Concello da Coruña	249.255	250.438	1.183	0,47
Concello de Ferrol	64.358	65.147	789	1,23
Concello de Santiago de Compostela	99.491	100.387	896	0,90
Concello de Lugo	99.365	99.557	192	0,19
Concello de Ourense	104.725	104.862	137	0,13
Concello de Pontevedra	83.106	83.461	355	0,43
Concello de Vigo	295.523	296.252	729	0,25

Fonte: IGE. Cifras poboacionais de referencia (descarga da táboa)

Nota: os datos de xullo e as variacións no primeiro semestre do ano son provisionais.

Peso dos sete grandes concellos de Galicia (con máis de 50.000 habitantes) na poboación total. 1 de xullo de 2024

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Cifras poboacionais de referencia (descarga da táboa)

Nota: datos provisionais.

Pode consultarse a metodoloxía desta estatística na seguinte ligazón: https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_PoboacionReferencia_ga.pdf

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: https://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl
Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)
Fax: 981 54 13 23
Sitio web: https://www.ige.gal